

Expediente IET: P-21-075
Proxecto: Parque eólico Meirama-76
Concellos: Cerceda e A Laracha (A Coruña)
Promotor: Green Stone Renewable IV, S.L.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 28/10/2022 o Servizo de Enerxía e Minas da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) documentación relativa ao proxecto Parque eólico Meirama-76.

1. Antecedentes:

Con data do 25/03/2021 o Instituto de Estudos do Territorio emitiu un informe sobre este proxecto, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria. Nese informe indicábase que o estudo de impacto ambiental (EIA), de acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, tiña que incorporar un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP) debendo o seu contido axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008. Ademais, facíanse unha serie de consideracións sobre os posibles efectos das infraestruturas na paisaxe e se indicaban distintos criterios e recomendacións encamiñados a minimizar os impactos e acadar unha mellor integración paisaxística do proxecto.

De forma simultánea estase a tramitar o proxecto de interese autonómico, sobre o cal o IET emite informe nesta mesma data.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (RLPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

3. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

A documentación que se somete a informe é o estudo de impacto ambiental con data de xaneiro 2022, asinado o 19/10/2022) e un arquivo en formato *shapefile* coa representación gráfica das infraestruturas e instalacións do parque eólico.



O proxecto consiste na construción do parque eólico Meirama-76, de 21 MW, composto por 6 aerogeradores e a súa infraestrutura asociada (camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias para a rede eléctrica e de comunicacións, centro de control e seccionamento, e unha torre meteorolóxica), así como a liña eléctrica de evacuación e unha subestación. Os aerogeradores terán unha altura de buxa de 132 metros e 136 metros de diámetro de rotor. Catro das máquinas serán de 3,45 MW de potencia nominal e dous de 3,6 MW. A torre meteorolóxica terá unha altura de 130 metros. A enerxía xerada evacuarase a través dunha liña de media tensión (30 kV) dende o centro de seccionamento ata a subestación do parque en Meirama. A liña está composta por dous tramos aéreos cunha lonxitude total de 11.956 metros e 73 apoios, e tres tramos soterrados de 1.338 metros en total. A subestación construírse nunha parcela dentro do complexo industrial da central térmica de Meirama.

Entre as modificacións introducidas respecto ao informado por este organismo o 25/03/2021, cómpre salientar a incorporación dun novo aerogenerador (ME-06) e o cambio nas dimensións destes (antes eran de 91,5 metros de altura de buxa e 117 metros de diámetro de rotor), o desprazamento dalgunhas posicións, a eliminación dunha torre meteorolóxica, e a inclusión no proxecto da liña de evacuación e a construción da subestación.

O estudo de impacto ambiental inclúe un EIIP (data de novembro 2021) como documento específico (anexo D).

4. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o proxecto localízase nas grandes áreas paisaxísticas Chairas e Fosas Occidentais e Galicia Central, nas comarcas paisaxísticas de Bergantiños e Terra de Ordes, respectivamente. A área de especial interese paisaxístico máis próxima é a AEIP-10-09 Monte do Xalo, situada a 4 km ao nordés do aerogenerador ME-01. En relación aos miradoiros, o máis próximo sería o de Santa Marta, a 3,2 km ao norte da posición ME-04 e o Miradoiro sobre a mina en Meirama a 3,5 km ao oeste do ME-01. Máis lonxe aparecen o Monte Xalo e o Monte de Santa Locaia, a 6,6 km ao noroeste e 7 km ao norte do aerogenerador ME-01, respectivamente. Respecto a outros elementos de interese recollidos no Catálogo, o Camiño de Santiago (Camiño Inglés) sitúase a uns 4 km ao leste do final da liña de evacuación. Ademais, a 3,3 km ao sueste do aerogenerador ME-03 discorre o sendeiro PR-G 131 Cerceda-Portobrea, que é atravesado pola liña eléctrica. Outras rutas na contorna son o PR-G 130 Meirama-Xalo-Meirama e o PR-G 129 Senda Rodis-Xesteda, a 3,8 km e 4,8 km ao leste e sur dos aerogeneradores.

Os aerogeradores dispóñense nunha zona de relevo ondulado formado por montes de cumios redondeados e pendentes suaves. Nos montes predominan as coberturas de matogueira e rochedo e as plantacións forestais de especies de repoboación, intercalándose zonas de pasteiros. Nas áreas de valgada aparecen diseminados os núcleos rurais rodeados de prados e cultivos conformando un mosaico de parcelas delimitadas por sebes arbóreas. Neste territorio, a rede hidrográfica queda configurada por unha serie de regatos de canles pouco sinuosas e tapizadas de vexetación de ribeira que labran vales pouco profundos. As principais vías de comunicación da contorna son as estradas autonómicas AC-400 e a AC-523.

A liña eléctrica de evacuación parte do centro de seccionamento en dirección leste atravesando unha contorna de relevo suave nos que se van sucedendo montes cubertos de piñeiros e eucaliptos e vales de vocación agraria. No seu recorrido, os tramos centrais da infraestrutura aproxímanse a zonas de carácter industrial ao sur de Cerceda, para finalmente rematar nas instalacións da central térmica de Meirama. As principais estradas autonómicas que cruza a liña son a AC-400, AC-409 e a AC-523.





5. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP consta dunha diagnose do estado actual da paisaxe tomando como referencia o contido do Catálogo das paisaxes de Galicia; un estudo da calidade e a fragilidade visual do ámbito; calcúlanse as cuncas visuais para cada aeroxerador e para o conxunto do parque, así como para os apoios da liña eléctrica, incluíndo infografías; identifícanse e valóranse os impactos e se describen as medidas preventivas e correctoras adoptadas para minimizalos. Respecto á descrición das características principais do proxecto, fan unha chamada á epígrafe correspondente do EslA onde se recolle tal información. Finalmente inclúese un apartado coa xustificación do cumprimento das Directrices de paisaxe.

O proxecto provocará unha intrusión visual vinculada á presenza dos aeroxeradores en zonas elevadas, o que lle confire unha alta visibilidade debido á súa posición dominante no relevo. A incidencia visual sobre os núcleos de poboación será alta debido á distancia existente, algúns deles situados a menos dun quilómetro dos aeroxeradores, e moi próximos tamén aos apoios da liña de evacuación. Respecto a os núcleos de maior entidade dende os que serán visibles as infraestruturas cabe salientar a vila de Cerceda, localizada a algo máis de dous quilómetros en dirección sueste. En relación ás posibles afeccións aos elementos do Catálogo das paisaxes, as infraestruturas serán visibles dende distintos elementos de interese recollidos no mesmo e mencionados no punto anterior, como son as AEIP, os miradoiros, ou as rutas de sendeirismo próximos, se ben a incidencia visual non será moi significativa.

En todo caso, os principais impactos visuais virán derivados da importante acumulación de parques eólicos que se implantarán na contorna, posto que, segundo a web do Rexistro eólico de Galicia, nun radio de 10 km atópanse 10 parques, dos cales dous estarían en explotación, un autorizado e sete en tramitación, acumulando un importante número de aeroxeradores no territorio. O parque máis próximo corresponderíase cun proxecto en tramitación cos aeroxeradores a 550 metros ao norte. Esta circunstancia provocará unha transformación da paisaxe diminuíndo a súa calidade visual e estética, nun territorio onde na actualidade só se localizan tres aeroxeradores pertencentes a dous parques en explotación.

Tamén se poden producir impactos debido á apertura dos camiños de acceso ás infraestruturas sobre elementos construídos de interese, caracterizadores da paisaxe rural, como son os valados tradicionais, en concreto na contorna das máquinas ME-04 e ME-05.

Respecto á liña de evacuación, o trazado provocará un impacto visual característico dos tendidos eléctricos, onde os apoios metálicos e a súa disposición lineal, así como as necesarias franxas de seguridade da infraestrutura libres de vexetación, xeran unha distorsión da harmonía visual das escenas rurais e naturais da contorna. En canto á subestación, a súa construción non incrementará substancialmente os impactos paisaxísticos que actualmente se producen no lugar de emprazamento, debido a que se sitúa nunha contorna industrial onde xa existen infraestruturas de similares características.

As medidas de integración paisaxística previstas no EIIP, poden considerarse adecuadas para atenuar os impactos sobre a paisaxe, se ben deberase ter en conta o que se sinala no apartado seguinte.

6. Conclusión:

O principal impacto paisaxístico deste proxecto será a incidencia visual producida polos aeroxeradores, que pola súa forma e altura, serán visibles desde unha ampla extensión de terreos e a longas distancias; esta incidencia perdurará durante todo o tempo en que estean



instalados os aeroxeradores, e verase incrementada polo efecto sinérxico derivado da presenza doutros parques eólicos na contorna. Neste caso, entre as zonas afectadas pola incidencia visual cabe destacar a AEIP-10-09 Monte do Xalo, as rutas de sendeirismo e os miradoiros mencionados anteriormente, e os núcleos de poboación. Aínda que non é viable ocultar ou apantallar os aeroxeradores desde a maioría dos puntos de observación (agás nos núcleos rurais), esta incidencia visual non supón (para os efectos do artigo 33.1.d do RLPPG) un impacto crítico.

O proxecto incorpora un EIIP cuxo contido axústase ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG, se ben as medidas de integración paisaxística deben completarse segundo as seguintes indicacións:

- Ao respecto dos núcleos rurais, de acordo coa directriz de paisaxe DX.20.c, no caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o seu impacto visual, estudando a posibilidade de realizar plantacións arbóreas con especies autóctonas nas proximidades dos núcleos, de consenso cos seus habitantes.
- En relación á afección aos valados tradicionais, e de acordo coa directriz de paisaxe DX.17.a.4 e DX.22.i, deberase procurar na medida do posible a conservación dos mesmos, se ben naqueles casos nos que por razóns técnicas é inevitable a afección, considérase adecuada a medida correctora contemplada no EIIP de dismantelar e repoñer posteriormente os tramos afectados.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do RLPPG, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

Non será necesario solicitar un novo informe do IET.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

